

SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

TEMA 15- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais

1. De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a normativa sobre prevención de riscos laborais está constituída por:
 - a) A presente lei, as súas disposicións de desenvolvemento ou complementarias e outras normas, legais ou convencionais.
 - b) A presente lei e o Estatuto dos traballadores.
 - c) A presente lei, as súas disposicións de desenvolvemento e outras normas.

2. De conformidade co establecido no artigo 2.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esta lei establece como principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais:
 - a) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a consulta e a formación dos traballadores.
 - b) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a participación equilibrada e a formación dos traballadores.
 - c) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a consulta, a participación equilibrada e a formación dos traballadores.

3. De conformidade co establecido no artigo 2.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para o cumprimento dos seus fins, a presente lei regula:
 - a) As actuacións que han desenvolver os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
 - b) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
 - c) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios e os traballadores.

4. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esta lei será de aplicación a:
 - a) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores, ao persoal ao servizo das administracións públicas e ás sociedades cooperativas nas que existan socios cuxa actividade consista na prestación dun traballo persoal.
 - b) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e ao persoal ao servizo das administracións públicas.
 - c) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e a todas as sociedades cooperativas.

5. De conformidade co establecido no artigo 4.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase como "risco laboral grave e inminente":
 - a) O que resulte probable racionalmente nun futuro e supoña un dano para a saúde dos traballadores.
 - b) O que resulte probable nun futuro inmediato e poida supoñer un dano para a saúde dos traballadores.
 - c) O que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores.



SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

6. Segundo o establecido no artigo 5.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os obxectivos da política en materia de prevención son:

- a) A promoción da mellora das condicións de traballo para diminuír os accidentes no traballo e mellorar a saúde dos traballadores.
- b) A promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.
- c) A promoción da mellora das condicións de traballo, elevar a protección e as medidas de seguridade no traballo e conseguir unha mellora da saúde dos traballadores.

7. Segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as normas regulamentarias en materia de prevención de riscos laborais respectarán:

- a) A debida coordinación coa normativa sanitaria e de seguridade industrial e serán obxecto de avaliación e, de ser o caso, de revisión periódica.
- b) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade persoal e a revisión periódica.
- c) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade industrial.

8. Segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as administracións públicas competentes en materia laboral desenvolverán as seguintes funcións:

- a) Promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento das normas e sanción das infraccións.
- b) Promoción da prevención, vixilancia e control do cumprimento das normas e sanción das infraccións.
- c) Promoción da prevención, asesoramento técnico, control do cumprimento normativo.

9. Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a participación de empresarios e traballadores farase a través de:

- a) As organizacións empresariais e sindicais.
- b) As organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- c) As organizacións sindicais máis representativas.

10. Segundo o establecido no artigo 13.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo está constituída por:

- a) Dous representantes de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado e, paritariamente con todos os anteriores, por representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- b) Un representante de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado e, paritariamente con todos os anteriores, por representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- c) Catro representantes das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado e, paritariamente con todos os anteriores, por representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.





SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

11. Segundo o establecido no artigo 13.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo adoptará os seus acordos por maioría:

- a) Os representantes das administracións públicas terán cada un un voto, dous os das organizacións sindicais e un os das organizacións empresariais.
- b) Os representantes das administracións públicas terán cada un un voto e dous os das organizacións empresariais.
- c) Os representantes das administracións públicas terán cada un un voto e dous os das organizacións empresariais e sindicais.

12. Segundo o establecido no artigo 14.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre o dereito á protección fronte aos riscos laborais:

- a) O empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos máis gravosos do seu traballo.
- b) O empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.
- c) O empresario deberá garantir a seguridade dos traballadores ao seu servizo nos aspectos relacionados co traballo.

13. Segundo o establecido no artigo 14.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre os dereitos á protección fronte aos riscos laborais:

- a) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo poderá recaer nalgún caso sobre o traballador infractor.
- b) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo deberá recaer sobre as administracións públicas.
- c) O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

14. De conformidade co establecido no artigo 15.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre os principios da acción preventiva:

- a) O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de garantir que só os traballadores que recibisen información suficiente e adecuada poidan acceder ás zonas de risco grave e específico.
- b) O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de garantir que só os traballadores que recibisen formación adecuada poidan acceder ás zonas de risco grave e específico.
- c) O empresario adoptará medidas co fin de garantir que só os traballadores que recibisen formación suficiente poidan acceder ás zonas de risco grave e específico.

15. De conformidade co establecido no artigo 15.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre os principios da acción preventiva:

- a) A efectividade das medidas preventivas deberá prever as imprudencias non temerarias que puidese cometer o traballador.
- b) A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias non temerarias que puidese cometer o traballador.
- c) A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias temerarias que puidese cometer o traballador.





SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

16. De conformidade co establecido no artigo 15.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os traballadores autónomos respecto a eles mesmos e as sociedades cooperativas respecto aos seus socios:

- a) Poderán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir a previsión de riscos derivados do traballo.
- b) Deberán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir a previsión de riscos derivados do traballo.
- c) Deberán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir os posibles riscos derivados do traballo.

17. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre o plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva:

- a) Poderán ser levados a cabo en dúas fases, a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.
- b) Levarase a cabo en dúas fases, a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.
- c) Poderán ser levados a cabo en tres fases, a avaliación de riscos laborais, a formación preventiva e a planificación da actividade preventiva.

18. De conformidade co establecido no artigo 16.2.a) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores:

- a) Tendo en conta a actividade e as características dos postos de traballo existentes e dos traballadores que deban desempeñalos.
- b) Tendo en conta a actividade, as características dos postos de traballo existentes e a selección dos equipos individuais de traballo necesarios.
- c) Tendo en conta a actividade, as características dos postos de traballo existentes e o acondicionamento do posto.

19. De conformidade co establecido no artigo 16.2.a) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá realizar unha avaliación actualizada dos riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores cando:

- a) Cambien as condicións de traballo e con ocasión dos danos para a saúde que se producen que sexan graves e previsibles.
- b) Cambien as condicións de traballo e sempre con ocasión dos danos para a saúde que se producen.
- c) Cambie o traballador que o desempeña e con ocasión dos danos para a saúde que se producen.

20. De conformidade co establecido no artigo 16.2.bis da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario poderá realizar a planificación da actividade preventiva de forma simplificada cando:

- a) Non supoña unha redución do nivel de protección da seguridade e da saúde dos traballadores e nos termos que regulamentariamente se determinen.
- b) Só nos termos que regulamentariamente se determinen.
- c) En ningún caso.



SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

21. De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá proporcionarlles aos seus traballadores equipos de protección individual que:

- a) Sexan axeitados para o desempeño das funcións e velará polo uso efectivo destes.
- b) Sexan axeitados para o desempeño das funcións e velará, en todos os casos, polo uso efectivo destes.
- c) Sexan necesarios para o desempeño das funcións.

22. De conformidade co establecido no artigo 18.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas empresas que contén con representantes dos traballadores, a información:

- a) Facilitarase polo empresario aos traballadores a través dos devanditos representantes e a cada traballador informaráselle dos riscos específicos que afecten o seu posto de traballo.
- b) Facilitarase polo empresario exclusivamente a través dos devanditos representantes.
- c) Facilitarase polo empresario aos traballadores exclusivamente e a cada traballador informaráselle dos riscos específicos que afecten o seu posto de traballo.

23. De conformidade co establecido no artigo 19.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre a formación aos traballadores:

- a) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación necesaria.
- b) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación práctica e suficiente en materia preventiva.
- c) O empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva.

24. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre a formación aos traballadores:

- a) Deberá impartirse dentro da xornada de traballo.
- b) Deberá impartirse dentro da xornada de traballo ou, na súa falta, noutras horas pero co desconto naquela do tempo investido nesta.
- c) Deberá impartirse fóra da xornada de traballo.

25. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre a formación aos traballadores:

- a) Deberase impartir na empresa.
- b) Poderase impartir pola empresa con medios propios ou concertándoa con servizos alleos.
- c) Poderase impartir na empresa.

26. De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre as medidas de emerxencia:

- a) O empresario designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas.
- b) O empresario designará o persoal formado encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobará o seu correcto funcionamento.
- c) O empresario poderá designar o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas.



SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

27. De conformidade co establecido no artigo 21.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre o risco grave e inminente:

- a) O traballador terá dereito a interromper a súa actividade e a abandonar o lugar de traballo cando considere que esta actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou saúde.
- b) O traballador terá dereito a interromper a súa actividade o lugar de traballo cando considere que esta actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde, pero non poderá abandonar o seu posto.
- c) O traballador terá dereito a comunicar o cesamento da súa actividade e a abandonar o lugar de traballo cando considere que esta actividade entraña un risco.

28. De conformidade co establecido no artigo 21.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre o risco grave e inminente, se o empresario non adopta as medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores:

- a) Os representantes legais destes poderán acordar, por maioría dos seus membros, a paralización da actividade dos traballadores afectados polo devandito risco.
- b) Os representantes legais destes poderán acordar, por unanimidade dos seus membros, a paralización da actividade dos traballadores afectados polo devandito risco.
- c) os representantes legais destes poderán acordar, por maioría dos seus membros, a paralización da actividade empresarial.

29. De conformidade co establecido no artigo 21.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, se o empresario non adopta as medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores, poderase paralizar a actividade dos traballadores en situación de risco:

- a) O acordo será comunicado á autoridade e á empresa que, no prazo de vinte e catro horas, poderá revogar a paralización acordada.
- b) O acordo será comunicado á autoridade laboral que, no prazo de vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.
- c) O acordo será comunicado á autoridade laboral que, no prazo de corenta e oito horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.

30. De conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre a vixilancia da saúde:

- a) Será de carácter voluntario, agás que poida constituír un perigo para o traballador.
- b) Será sempre de carácter voluntario.
- c) Será de carácter obrigatoria.

31. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá elaborar e conservar á disposición da autoridade laboral a seguinte documentación:

- a) Plan de prevención de riscos laborais e avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo, sen incluír a planificación da actividade preventiva.
- b) Plan de prevención de riscos laborais e avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo, sen incluír a práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores.
- c) Plan de prevención de riscos laborais e avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo e a planificación da actividade preventiva.

SUBGRUPO A1-TEMA 15-RISCOS-GALEGO

32. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá elaborar e conservar á disposición da autoridade laboral a seguinte documentación:

- a) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.
- b) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a tres días de traballo.
- c) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a catro días de traballo.

33. De conformidade co establecido no artigo 24.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos:

- a) Deberán informar sobre o cumprimento polos devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.
- b) Deberán vixiar o cumprimento polos devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.
- c) Poderán comprobar o cumprimento polos devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.

34. Segundo o establecido no artigo 30.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sobre o deber de prevención de riscos profesionais:

- a) Nas empresas de ata 10 traballadores, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria.
- b) Nas empresas de ata 25 traballadores, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria.
- c) Nas empresas de ata 100 traballadores, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria.

35. Segundo o establecido no artigo 30.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sobre o deber de prevención de riscos profesionais:

- a) Cando ocupe ata 10 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.
- b) Cando ocupe ata 50 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.
- c) Cando ocupe ata 25 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.